



INFORMACIÓN SOBRE A XORNADA DE VOTACIÓN DO 4 DE XUÑO

Lembramos que este venres 4 de xuño teremos a votación para a xornada continuada.

Horario de votación : A mesa de votación estará aberta dende as **09:45 ata as 21:00 horas.**

Lugar: Aula 31 (situada no primeiro andar fronte ás escaleiras que levan a secretaría).

Protocolo COVID:

- Uso de máscara.
- Manterase en todo momento a distancia de seguridade seguindo as frechas do chan para os desprazamentos.
- Desinfectaranse as mans ao entrar no centro e no lugar da votación.

Quen pode votar?

Pode votar **só un responsable** de cada unidade familiar (Nai/ pai/ titor ou titora legal)

Que votamos?

- Horario solicitado para E. Infantil e E. Primaria para todo o curso é:

Horario lectivo	9:30 a 14:30 (todos os días)
Comedor	14:30 a 15:30
Horario de transporte	9:30 (entrada) / 15:30 (saída)

- Haberá **unha soa quenda** de comedor para todo o alumnado.
- A partir das 15:30 ofertarase:
 - Plan Concilia (tardes divertidas).
 - Actividades extraescolares.
 - Biblioteca escolar de martes a venres de 15:30 a 17:30.
- Os luns de 15:30 a 17:30 estableceranse as reunións de profesorado e as titorías coas familias.

Agardamos a vosa participación.

A dirección